



XUNTA DE GALICIA
DISTRITO AMBIENTAL IV
SERVIZO DO PATRIMONIO NATURAL

Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e
 Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da
 Coruña

Rúa Pintor Xenaro Carrero, 15- Baixo
 15200 Noia

distrito4.cmot.co@xunta.gal

Identificadores da unidade tramitadora no Rexistro electrónico:
 Distrito Ambiental IV: Noia



NOME DO ESPAZO NATURAL PROTEXIDO
ZEC Complexo Húmido de Corrubedo

INFORME SOLICITADO POR:
 Xefe Provincial do Servizo do Patrimonio Natural.

AXENTE OU VIXIANTE (Escribir o nome de todos os autores do informe)
 Axente facultativo medioambiental con [Redacted]

DATA DE REDACCIÓN DO INFORME 19/12/2023	TIPO DE INFORME (Ver iniciais á marxe) IE-EP	NÚMERO DO EXPEDIENTE (no seu caso)
--	--	------------------------------------

LOCALIZACIÓN DOS FEITOS

LUGAR	PARROQUIA	CONCELLO
varios	varias	Ribeira e Porto do Son

FEITOS (Explicación concisa)

Se fora o caso, nome e apelidos do cidadán que solicita, reclama ou está implicado no informe:

D/D^a

Asunto: presenza de sacos con partículas plásticas e de chapapote nas praias

O día 13 deste mes, ás 12: 21h recibín unha chamada do Axente territorial do Distrito IV na que se me informaba de que había un aviso da presenza duns sacos sobre a area da praia de Balieiros.

Ó chegar a esa praia, na súa parte Sur, comprobei que había espaxados sobre a area varios sacos de cor branca co texto **BEDEKO EUROPE CODE: UV 9000 STABILIZATOR UV/UV STABILIZER** impreso sobre eles. A maiores dos sacos había unhas pequenas partículas de material plástico, cor semitransparente, con forma redondo ovoide co extremo máis fino acabado en pico, que cubrían boa parte da area, nas zonas onde chegaban as ondas. Ó palpar os sacos notábase que contiñan estas partículas.

Na parte central da praia de Balieiros a situación era semellante e na parte situada máis ó Norte os sacos tamén aparecían na zona de rochas, entre as cales tamén se vían as partículas plásticas dispersadas, así como pequenas “galletas” de chapapote e unha capa de cor agrisada e pastosa, tal vez orixinada polo bater das ondas co chapapote ou coas partículas plásticas contra as rochas. Esta capa cubría as rochas e flotaba sobre a auga das pozas. Tamén se presentou o Axente Medioambiental da Demarcación de Costas con identificación [Redacted] o cal viña de recorrer a mesma praia.

Desprazámonos ata a praia de Espiñeirido, onde comprobamos a presenza dos mesmos vertidos. Na parte Norte, no concello de Porto do Son a intensidade do vertido era menor.

Na praia das Furnas tamén tamén se observaron estes vertidos.

TIPOS DE INFORMES: Solicitud de obras en zona pública hidráulica: IR-SO • Solicitud de corta de ribeira: IR-CR • Vertidos en zona pública hidráulica: IR-V • Recursos piscícolas: IR-PP • Centros de acuicultura: IP-CA • Sociedades colaboradoras: IP-SC • Recursos cinegéticos: IC-RC • Reclamación de danos patrimoniais: IC-RDP • Espacios protegidos, fauna e flora: IE-EP • Repercusións ambientais sobre especies protexidas: IE-RA • Sobre denuncias Lei Augas e Pesca: ID-LAP • Sobre denuncias Lei Caza: ID-LC • Sobre denuncias Lei Conservación Natureza: ID-LCN • Outros: IO.



XUNTA DE GALICIA

DISTRITO AMBIENTAL IV
SERVIZO DO PATRIMONIO NATURAL

Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da
Coruña

Rúa Pintor Xenaro Carrero, 15- Baixo
15200 Noia

distrito4.cmot.co@xunta.gal

Identificadores da unidade tramitadora no Rexistro electrónico:
[REDACTED] Distrito Ambiental IV: Noia

Todas estas praias forman parte do ZEC Complexo Húmido de Corrubedo.

Ó mesmo tempo avisei ó Vixilante de Recursos Naturais do P.N. do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán con identificación [REDACTED] para que recorrea as praias deste parque, localizando partículas de plástico dispersas no Vilar e en Ladeira.

Segundo o Axente Territorial do Distrito IV o concello de Ribeira comprometeuse a retirar os sacos . Os dous primeiros días retiraron 52 sacos e os seguintes retiraron un número indeterminado deles.

Achego fotografías na seguinte ruta: [REDACTED]

Asinado dixitalmente

DIRIXIDO A: **SERVIZO DO PATRIMONIO NATURAL DA CORUÑA**